



Concello de
Camariñas

**REGULAMENTO
III POPULAR
CONCELLO DE CAMARIÑAS**

IDEOLOXÍA DA III CARREIRA PEDESTRE DE CAMARIÑAS domingo 9 de MARZO

A ideoloxía da III Carreira Pedestre de Camariñas é a mesma que a do Circuito de Carreiras Populares “*Correndo pola Costa da Morte*”, ten por obxectivo fomentar a práctica de actividade física e deportiva como medio para alcanzar unha vida máis saudable.

Nesta competición poden participar todas aquelas persoas que o desexen, tanto nenos/as como adultos (dende os 3 anos).

CATEGORÍAS E DISTANCIAS

CATEGORÍA		IDADES	DISTANCIAS
Pitufo	Mixto	2007-2010	300m aprox.
Benxamín	Mixto	2005-2006	1000m aprox.
Alevín	Masculino Feminino	2003-2004	1000m aprox.
Infantil	Masculino Feminino	2001-2002	3000m aprox.
Cadete	Masculino Feminino	1999-2000	3000m aprox.
Xuvenil	Masculino Feminino	1997-1998	5000m aprox.
Sénior 5K	Masculino Feminino	A partires de 1996 (incluído)	5000m aprox.
Sénior 10K	Masculino Feminino	1996 ata veteranos	10000m aprox.
Veteranos M40	Masculino Feminino	De 40 a 49 anos	10000m aprox.
Veteranos M50	Masculino Feminino	50 anos ou máis	10000m aprox.

♦ Cada atleta das categorías Veteranos (M40 e M50) competirá na que lle corresponda **por idade cumprida no comezo da primeira proba que conforma o circuito**, mantendo dita categoría ata a última proba.

1. A III Carreira Pedestre de Camariñas rexeranse pola **regulamentación de Seguridade Vial do Estado e da Comunidade Autónoma de Galicia**, que establece os requisitos esixidos para a celebración de probas deportivas na vía urbana (Real Decreto 1428/2003 do 21 de novembro, publicado no BOE nº 306 do 23 de decembro de 2003 sobre a ocupación da vía pública; e o Real Decreto 849/1993 do 4 de xuño de 2003, sobre a contratación do seguro de responsabilidade civil e de accidentes).
2. A proba estará subscrita ao **seguro de responsabilidade civil** do Concello de Camariñas. Tamén contará cun **seguro de accidentes** que terá as coberturas mínimas esixidas no Real Decreto 849/1993.
3. A proba contará cun **servizo médico-sanitario**, que constará dunha ambulancia e un médico se a proba non supera os 750 participantes.
4. A organización da proba resérvase o dereito a modificar horarios, aprazar ou suspender a carreira se así o estima oportuno por razóns de seguridade.
5. No caso de que para o día de celebración da proba se decrete unha **alerta laranxa a proba será suspendida** automaticamente.
6. Os atletas que durante o transcurso da proba, circulen por fóra do espazo delimitado polos vehículos de sinalización de inicio e fin de carreira, considéranse a todos os efectos usuarios normais da vía.
7. Toda persoa que corra sen estar inscrita, farao baixo a súa responsabilidade e non poderá participar de trofeos nin obsequios. Tampouco estará amparada polos seguros da proba.
8. Poderanse efectuar reclamacións ante o Xuíz Árbitro da proba. A participación é libre e leva implícito a aceptación do Regulamento Xeral da proba. Todo o non previsto neste regulamento resolverase de acordo, por esta orden, ás normas da F.G.A., RFEA e I.A.A. F. en vigor.
9. A organización pon a disposición dos participantes na carreira o Pavillón Polideportivo Municipal de Camariñas para que se podan cambiar e duchar.
10. Haberá servizo de garda roupa que estará sito no Pavillón Municipal para @s que decidan cambiarse no Pavillón Municipal e na Casa de Pedra.
11. A Organización porá a disposición dos participantes da carreira 10k e 5k un Servizo de fisioterapia en colaboración co Colexio Oficial de Galicia de Fisioterapeutas.
12. **Na carreira 10k** o percorrido estará sinalado cada km. Existirá 1 posto de avituallamiento, aproximadamente no quilómetro 5, máis o especial de meta.

aproximadamente no quilómetro 5, máis o especial de meta.

13. **Na carreira 5k** haberá o avituallamento especial de meta.
14. **@s participantes adultos participantes nas probas 10k e 5k** recibirán un agasallo cando rematen as súas probas.
15. Os únicos vehículos que poderán seguir a proba, serán os autorizados pola organización.
16. Descualificacións:
 - ✦ O servizo médico da competición está facultado para retirar durante a proba a calquera atleta que manifieste un mal estado físico.
 - ✦ Todo atleta que non realice o percorrido completo.
 - ✦ O atleta que manifieste un comportamento non deportivo ou se reitere en protestas ante a Organización.

DEREITOS DE IMAXE, USO DE DATOS E AUTORIZACIÓNS

Os deportistas inscritos comprométese a aceptar estritamente o presente regulamento e calquera posible modificación.

A solicitude de inscrición para os **deportistas menores** de idade deberá ir acompañada dunha **autorización paterna** segundo o modelo establecido pola organización. Dito modelo poderase descargar da páxina web do Concello de Camariñas http://www.camarinas.net/media/documentos/0permiso_paterno.pdf así coma en www.championchipnorte.com

A realización da inscrición implica ter lido, entendido e adquirido os compromisos que a continuación se expoñen:

- ✦ O atleta inscrito declara que está en bo estado físico e ten pasado os pertinentes recoñecementos de saúde.
- ✦ Calquera atleta con problemas médicos (alergia, atencións especiais,...) deberá facelo constar no reverso do dorsal da proba.
- ✦ O atleta inscrito autoriza e acepta a publicación do seu nome e apelidos e a súa imaxe nas clasificacións, medios de comunicación e internet,(...) para a promoción do deporte. Calquera persoa inscrita poderá prohibir a utilización da súa imaxe previa solicitude expresa por escrito.

SISTEMA DE CRONOMETRAXE / CHIPS E DORSAIS

- ✦ Para controlar as probas estableceranse controis de cronometraxe por chip (deberá ir suxeito aos cordóns das zapatillas).
- ✦ Será obrigatorio o uso de chip para todas as categorías (facilitado pola organización), agás pitufo.
- ✦ Será obrigatorio o uso de dorsal para todas as categorías (facilitado pola organización).
- ✦ O atleta que non porte o chip non poderá entrar na clasificación da proba nin lle computará na clasificación do circuíto.
- ✦ O atleta que non porte dorsal poderá ser descalificado se así o estima a dirección de carreira.
- ✦ Os **corredores de circuíto** que participan na liga deberán usar obrigatoriamente o **“chip amarelo”**. Do mesmo xeito empregarán un **único dorsal** para todas as probas do circuíto.
 - Tanto o dorsal coma o chip (no caso de non posuílo) recollerase na primeira proba do circuíto **nas oficinas administrativas da Casa de Pedra en Camariñas**. A retirada de dorsal e chip deberá realizarse como mínimo con 30 minutos de antelación ao inicio de cada carreira dende as 8'30h.
 - No caso da perda do chip o atleta deberá mercar outro a través da páxina de Championchip.
 - No caso da perda ou rotura do dorsal, poderá solicitar outro á organización. Non haberá posibilidade de solicitar un terceiro dorsal.
- ✦ Os **corredores de carreira** e os **corredores de categorías base** usarán o **“chip de carreira”**, que deberán **devolver** á organización **ao remate** da mesma.
 - Estes corredores deberán recoller o seu dorsal e chip antes da carreira **nas oficinas administrativas da Casa de Pedra en Camariñas** ata 30 minutos antes do inicio de cada proba dende as 8'30h.
- ✦ Os chips son persoais e intransferibles polo que a suplantación da personalidade dos atletas, sancionarase coa expulsión do circuíto do portador e do/a atleta suplantado, anulando todos os dereitos adquiridos coa inscrición no circuíto.

INSCRICIÓNS

As inscricións para os atletas de categorías sénior e veteranos realizaranse a través da páxina web www.championchipnorte.com, data límite mércores 5 de marzo ás 24h.

Existen dous tipos de inscrición para @s atletas adultos:

- ▶ **Corredores de circuíto:** son os atletas (adultos) que participan na liga e só nas **probas 10k**.
 - Teñen que asistir a un mínimo de seis (6) probas do total do circuíto.
 - Deben usar obrigatoriamente “chip amarelo” e usarán un dorsal único para todo o circuíto.
 - Realizarán a inscrición e o pago unha única vez.
 - As inscricións para os corredores de circuíto pecharanse antes da celebración da terceira proba puntuable.
- ▶ **Corredores de carreira:** son atletas (adultos) que só participan de maneira puntual nalguna das probas do circuíto.
 - **OS CORREDORES DE CARREIRA PODERÁN INSCRIBIRSE NA PROBA 10 K OU NA PROBA 5 K.**
 - Non participan na liga.
 - Deberán realizar a inscrición para aquelas probas nas que queiran participar.
 - Deberán correr cun chip que se lles facilitará no momento da recollida do dorsal e que deberán devolver ó remate da proba.

Inscricións por equipos:

- Os/as atletas que compitan no circuíto tamén poderán optar á clasificación por equipos. Para isto terán que premer na opción “equipo” habilitado a tal efecto na plataforma de Championchip. Unha vez feito iso, o persoal de atención da empresa porase en contacto cos participantes para informalos do proceso a seguir.

Inscricións de Categoría Base:

A inscrición para os atletas de categorías base, dende pitufo a xuvenil, serán gratuítas.

As inscricións para os atletas benxamín, alevín, infantil, cadete e xuvenil poderán realizarse a través de:

- 1) Plataforma championchip (www.championchipnorte.com.) A **autorización paterna** deberá imprimirse e ser presentada debidamente cuberta e asinada á hora de recoller os dorsais. Dita autorización poderá ser descargada en www.championchipnorte.com ou na páxina do Concello de Camariñas http://www.camarinas.net/media/documentos/0permiso_paterno.pdf

- 2) Presentando a **autorización paterna asinada** no Departamento de Deportes do Concello de Camariñas ou entregándoa nas conserxerías dos Centros Educativos.

@s atletas de categoría Pitufo poderán facer a inscrición do seguinte xeito:

- 1) Enviando un email a fran.puga@camarinas.dicoruna.es coa autorización paterna cuberta e asinada. Á hora de recoller o dorsal deberán presentala impresa e asinada dita autorización paterna, poderá descargarse na páxina do Concello de Camariñas www.camarinas.net.
- 2) Presentando a **autorización paterna asinada** no Departamento de Deportes do Concello de Camariñas ou entregándoa nas conserxerías dos Centros Educativos de Camariñas

Cotas de inscrición para adultos:

- ♦ **A inscrición para os atletas de categorías base (pitufo a xuvenil) será gratuíta.**
- ♦ A inscrición para os atletas adultos (sénior e veteranos) para unha proba determinada terá un custo de 5 € para aqueles corredores que posúan chip, e de 6 € para aqueles corredores que deban alugar o chip independentemente que participen nas **probos 5K ou 10K**.
- ♦ A inscrición para os atletas adultos (sénior e veteranos) **para o circuíto** terá un custo de 20 € para aqueles que teñan chip en propiedade, e de 30 € (20 € de inscrición + 10 € pola compra do “chip amarelo”) para aqueles que deban mercar o chip.

A participación no circuíto de carreiras populares “Correndo pola Costa da Morte” permite aos atletas adquirir o “chip amarelo” en propiedade por un prezo reducido de 10 €. Dito chip será válido para participar en calquera proba cronometrada por Championchip.

PERCORRIDOS E HORARIOS DAS CARREIRAS DAS DIFERENTES CATEGORÍAS

- a) Infantil: 2002-2001 e Cadete 1999-2000: (9´30h) Percorrido: Avda da Coruña (Casa de Pedra), Cantón Miguel Feijoó, San Miguel, Areal, Avda Eugenio López, Praza de San Xurxo, Pista Mourín, Cotro, Carreira, Avda Juan Carlos I, Estrada do Vilán, rotonda, Ambrosio Feijoó, Cantón Miguel Feijoó, Chegada en Avda da Coruña (Casa de Pedra). <https://maps.google.com/maps/ms?ie=UTF&msa=0&msid=216362166449061132675.0004d57105ff2e4fc12b6>. **3km aprox.**
- b) Alevín: 2004 e 2003 (10´15h) Percorrido: Avda da Coruña (Casa de Pedra), Cantón Miguel Feijoó, ambrosio Feijoó, Alcalde Noguera Patiño, baixada pola dársena vella, rotonda e Ambrosio Feijoó, Cantón Miguel Feijoó, Chegada en Avda da Coruña (Casa de Pedra). **1 km aprox.**

c) Benxamíns: 2005-2006 (10'30h) Percorrido: Avda da Coruña (Casa de Pedra), Cantón Miguel Feijoó, ambrosio Feijoó, Alcalde Noguera Patiño, baixada pola dársena vella, rotonda e Ambrosio Feijoó, Cantón Miguel Feijoó, Chegada en Avda da Coruña (Casa de Pedra). **1 km aprox.**

d) **Xuvenil 1998-1997 e Absolutos 5K a partir de 1996**, é dicir, que cumpran 18 anos ou máis en 2014 (10'45) Percorrido: Avda da Coruña (Casa de Pedra), Cantón Miguel Feijoó, San Miguel, Areal, Avda Eugenio López, Lugar de Buría, Fonte Barreira, Outeiro, Pista Mourín, Pións, Riás, Pista Mourín, Cotro, Carreira, Avda Juan Carlos I, Estrada do Vilán, rotonda, Alcalde Noguera Patiño, baixada pola dársena vella, rotonda e Ambrosio Feijoó, Cantón Miguel Feijoó, chegada en Avda da Coruña (Casa de Pedra). <https://mapsengine.google.com/map/viewer?mid=zohVhHIDs3fk.k2f9tAmYE6eo>. **5Km aprox.**

Unha hora para rematar o percorrido.

e) Pituf@s: 2010, 2009, 2008, 2007 (11'45). Percorrido: Percorrido Por Ambrosio Feijó ata a Chegada en Ambrosio Feijó a altura da entrada á Casa de Pedra. **300m aprox.**

f) **Absoluta 10 KM APROX. ÁS 12'15H. Tempo máximo de remate da proba 1h e 20'.**

F.1) Sénior: 1996 ata veteran.

F.2) Veterán A: de 40 a 49 anos.

F.3) Veterán B: de 50 ou máis anos.

IDADE O DÍA DA CARREIRA.

<https://mapsengine.google.com/map/viewer?mid=zohVhHIDs3fk.km65QsPEEA3I>

CALIFICACIÓNS E TROFEOS/MEDALLAS E A SÚA ENTREGA

♦ Clasificacións da proba 10 K:

- Optan a esta clasificación todos os/as atletas participantes na proba.
- Recibirán trofeo e/ou medalla e subirán ó podio os tres primeiros/as clasificados/as na categoría xeral (os tres primeiros/as que entren na meta).
- Recibirán trofeo e/ou medalla e subirán ó podio os tres primeiros/as clasificados/as en cada unha das categorías (sénior, M40 e M50), independentemente da súa condición de *corredores de carreira* ou de *corredores de circuío*.
- Recibirán trofeo e/ou medalla o primeiro e primeira clasificad@ empadroad@ do Concello de Camariñas da proba.

✦ Clasificacións da proba 5 K:

- Optan a esta clasificación todos os/as atletas inscritos na proba 5K.
- Recibirán trofeo e/ou medalla e subirán ó podio os tres primeiros/as clasificados/as na categoría xeral (os tres primeiros/as que entren na meta).

✦ Clasificacións das probas de base:


- Recibirán trofeo e/ou medalla e subirán ao podio os tres primeiros/as clasificados/as en cada unha das categorías (infantil, cadete e xuvenil).
- En categorías benxamín e alevín recibirán medallas todos os participantes na proba, aínda que só subirán ó podio unicamente os tres primeiros clasificados en cada categoría.
- En categoría pitufo recibirán medalla conmemorativa todos os participantes na proba pero non subirán ó podio.
- A entrega das carreiras benxamín e alevín farase antes do comezo da carreira xuvenil e de adultos de 5K.
- O resto de categorías recibirán os trofeos e/ou medalla ao remate da proba absoluta.

A entrega de trofeos farase, se o tempo o permite, no exterior e no suposto que non fose así no salón de actos da Casa de Pedra.

✦ Clasificacións do circuío e Clasificación por equipos:

Rexerase pola normativa do regulamento xeral do circuío de carreiras populares “Correndo pola Costa da Morte”

A organización desta carreira aproveita a ocasión para agradecer a súa participación.



correndo pola
COSTA DA MORTE
circuíto de carreiras populares
Camiñas Camota Cee Corcubión Fisterra Muxía Vimianzo Zas

REGULAMENTO

I Circuíto de Carreiras Populares
CORRENDO POLA COSTA DA MORTE

IDEOLOXÍA

O Circuíto de Carreiras Populares “*Correndo pola Costa da Morte*” é un programa anual de carreiras populares, que ten por obxectivo fomentar a práctica de actividade física e deportiva como medio para alcanzar unha vida máis saudable.

Dito circuíto está promovido e organizado por un conxunto de concellos da Costa da Morte: Camariñas, Carnota, Cee, Corcubión, Fisterra, Muxía, Vimianzo e Zas.

Nesta competición poden participar todas aquelas persoas que o desexen, tanto nenos/as como adultos (dende os 3 anos).

As posibilidades de participación son fundamentalmente dúas:

- **Corredores de carreiras:** son aqueles deportistas (adultos e menores de idade) que se inscriben nunha ou varias das probas das que se compón o circuíto pero que non participan na competición do circuíto. Deberán facer unha inscrición por cada unha das probas nas que desexen participar. Nas categorías de adultos os corredores terán a posibilidade de inscribirse na proba 5 K ou 10 K.
Na proba 5 K participarán en categoría sénior independentemente da súa idade. A distancia desta proba poderá variar entre os 2.000 e os 5.000 metros en función do concello organizador.
Na proba 10 K (categorías sénior, M40 e M50) a distancia poderá variar entre os 8.000 e 10.000 metros en función do concello organizador.
- **Corredores de circuíto:** son deportistas (adultos) que se inscriben co obxectivo de completar un mínimo de seis probas do circuíto. Estes atletas entran na clasificación particular das probas nas que participan e tamén na clasificación xeral do circuíto. Deberán facer unha única inscrición e correr obrigatoriamente con chip amarelo. Os corredores de circuíto deberán correr a proba 10 K para poder puntuar.

A continuación exporase o Regulamento Xeral do Circuíto coa normativa común a todas as probas. A parte deste regulamento, cada concello organizador elaborará un regulamento específico onde se establecerán normas concretas da proba coma, lugar e hora de recollida de dorsais, horarios das distintas probas, percorrido,...

PROBAS

O circuíto estará composto por un total de 8 probas. Comezará o día 9 de marzo de 2014 coa III Carreira Popular do Concello de Camariñas, e rematará o 16 de novembro de 2014 coa I Carreira Popular do Concello de Fisterra.

	CONCELLO	DATA	PROBA
1ª proba	Camariñas	09-03-2014	III Carreira Pedestre Concello de Camariñas
2ª proba	Vimianzo	04-05-2014	III Carreira Pedestre Concello de Vimianzo
3ª proba	Zas	01-06-2014	I Carreira Pedestre do Concello de Zas
4ª proba	Cee	21-06-2014	I Carreira Pedestre Concello de Cee 2014
5ª proba	Carnota	23-08-2014	XXIII Carreira das Areas do Concello de Carnota
6ª proba	Corcubión	20-09-2014	XIII Carreira Pedestre Vila de Corcubión
7ª proba	Fisterra	11-10-2014	I Carreira Popular Concello de Fisterra
8ª proba	Muxía	16-11-2014	I Carreira Pedestre Concello de Muxía

- Os horarios das carreiras das distintas categorías estableceráos o concello organizador e poderán ser consultados en www.championchipnorte.com

CATEGORÍAS E DISTANCIAS

CATEGORÍA		IDADES	DISTANCIAS
Pitufio	Mixto	2007-2010	300 – 500 m.
Benxamín	Mixto	2005-2006	500 – 1.000 m.
Alevín	Masculino Feminino	2003-2004	500 – 1.000 m.
Infantil	Masculino Feminino	2001-2002	2.000 – 3.000 m.
Cadete	Masculino Feminino	1999-2000	2.000 – 3.000 m.
Xuvenil	Masculino Feminino	1997-1998	2.000 – 5.000 m.
Sénior 5K	Masculino Feminino	A partires de 1996 (incluído)	2.000 – 5.000 m.
Sénior 10K	Masculino Feminino	1996 ata veteranos	8.000 – 10.000 m.
Veteranos M40	Masculino Feminino	De 40 a 49 anos	8.000 – 10.000 m.
Veteranos M50	Masculino Feminino	50 anos ou máis	8.000 – 10.000 m.

- Cada atleta das categorías Veteranos (M40 e M50) competirá na que lle corresponda **por idade cumprida no comezo da primeira proba que conforma o circuíto**, mantendo dita categoría ata a última proba.

NORMATIVA XERAL E DE SEGURIDADE

1. Todas as probas incluídas no programa do circuíto de carreiras populares “Correndo pola Costa da Morte” rexeranse pola **regulamentación de Seguridade Vial do Estado e da Comunidade Autónoma de Galicia**, que establece os requisitos esixidos para a celebración de probas deportivas na vía urbana (Real Decreto 1428/2003 do 21 de novembro, publicado no BOE nº 306 do 23 de decembro de 2003 sobre a ocupación da vía pública; e o Real Decreto 849/1993 do 4 de xuño de 2003, sobre a contratación do seguro de responsabilidade civil e de accidentes).
2. Cada proba estará subscrita ó **seguro de responsabilidade civil** do concello onde se realice. Tamén contará cun **seguro de accidentes** que terá as coberturas mínimas esixidas no Real Decreto 849/1993.
3. Así mesmo todas as probas contarán cun **servizo médico-sanitario**, que constará dunha ambulancia e un médico para aquelas probas que non superen os 750 participantes.
4. A organización da proba resérvase o dereito a modificar horarios e ou percorridos, así como aprazar ou suspender a carreira se así o estima oportuno por razóns de seguridade.
5. No caso de que para o día de celebración da proba se decrete unha **alerta laranxa a proba será suspendida** automaticamente.
6. Os atletas que durante o transcurso da proba, circulen por fóra do espazo delimitado polos vehículos de sinalización de inicio e fin de carreira, considéranse a todos os efectos usuarios normais da vía.
7. Toda persoa que corra sen estar inscrita, farao baixo a súa responsabilidade e non poderá participar de trofeos nin obsequios. Tampouco estará amparada polos seguros da proba.
8. Poderanse efectuar reclamacións ante o Xuíz Árbitro da proba. A participación é libre e leva implícito a aceptación do Regulamento Xeral da proba. Todo o non previsto neste regulamento resolverase de acordo, por esta orden, as normas da F.G.A., RFEA e I.A.A. F. en vigor.
9. A organización porá a disposición dos participantes na carreira unha instalación para que se poidan cambiar e duchar, así como un servizo de garda roupa.
10. A organización da proba porá a disposición dos atletas un servizo de masaxes para aqueles deportistas que o precisen.
11. Os únicos vehículos que poderán seguir a proba, serán os autorizados pola organización.
12. Descualificacións:
 - ♦ O servizo médico da competición está facultado para retirar durante a proba a calquera atleta que manifeste un mal estado físico.
 - ♦ Todo atleta que non realice o percorrido completo.
 - ♦ O atleta que manifeste un comportamento non deportivo ou se reitere en protestas ante a organización.

DEREITOS DE IMAXE, USO DE DATOS E AUTORIZACIÓNS

Os deportistas inscritos comprométese a aceptar estritamente o presente regulamento e calquera posible modificación.

A solicitude de inscrición para os **deportistas menores** de idade deberá ir acompañada dunha **autorización paterna** segundo o modelo establecido pola organización. Dito modelo poderase descargar da páxina web do concello organizador así coma de www.championchipnorte.com.

A realización da inscrición implica ter lido, entendido e adquirido os compromisos que a continuación se expoñen:

- ♦ O atleta inscrito declara que está en bo estado físico e ten pasado os pertinentes recoñecementos de saúde.
- ♦ Calquera atleta con problemas médicos (alerxia, atencións especiais,...) deberá facelo constar no reverso do dorsal da proba.
- ♦ O atleta inscrito autoriza e acepta a publicación do seu nome e apelidos e a súa imaxe nas clasificacións, medios de comunicación e internet,(...) para a promoción do deporte. Calquera persoa inscrita poderá prohibir a utilización da súa imaxe previa solicitude expresa por escrito.

SISTEMA DE CRONOMETRAXE / CHIPS E DORSAIS

- ♦ Para controlar as probas estableceranse controis de cronometraxe por chip (deberá ir suxeito ós cordóns das zapatillas).
- ♦ Será obrigatorio o uso de chip para todas as categorías (facilitado pola organización), agás pitufo.
- ♦ Será obrigatorio o uso de dorsal para todas as categorías (facilitado pola organización).
- ♦ O atleta que non porte o chip non poderá entrar na clasificación da proba nin lle computará na clasificación do circuíto.
- ♦ O atleta que non porte dorsal poderá ser descualificado se así o estima a dirección de carreira.
- ♦ Os **corredores de circuíto** que participan na liga deberán usar obrigatoriamente o **“chip amarelo”**. Do mesmo xeito empregarán un **único dorsal** para todas as probas do circuíto.
 - Tanto o dorsal coma o chip (no caso de non posuílo) recollerase na primeira proba do circuíto no lugar habilitado para tal efecto. A retirada de dorsal e chip deberá realizarse como mínimo con 30 minutos de antelación ó inicio da carreira.
 - No caso da perda do chip o atleta deberá mercar outro a través da páxina de Championchip.
 - No caso da perda ou rotura do dorsal, poderá solicitar outro á organización. Non haberá posibilidade de solicitar un terceiro dorsal.
- ♦ Os **corredores de carreira** e os corredores de categorías inferiores usarán o **“chip de carreira”**, que deberán **devolver** á organización **ó remate** da mesma.
 - Estes corredores deberán recoller o seu dorsal e chip antes da carreira no lugar habilitado para tal efecto ata 30 minutos antes do inicio da proba.
- ♦ Os chips son persoais e intransferibles polo que a suplantación da personalidade dos atletas, sancionárase coa expulsión do circuíto do portador e do/a atleta suplantado, anulando todos os dereitos adquiridos coa inscrición no circuíto.

INSCRICIÓN

As inscricións para os atletas de categorías sénior e veteranos realizaranse a través da páxina web www.championchipnorte.com

As inscricións para os atletas menores de idade poderá realizarse a través da plataforma championchip ou presentando un formulario de inscrición no departamento de deportes do concello organizador. Así mesmo deberán achegar a autorización paterna no momento de realizar a inscrición.

Existen dous tipos de inscrición para atletas adultos:

- ♦ **Corredores de circuíto:** son os atletas que participan na liga.
 - Teñen que asistir a un mínimo de seis probas 10 K. do total do circuíto.
 - Deben usar obrigatoriamente “chip amarelo” e usarán un dorsal único para todo o circuíto.
 - Realizarán a inscrición e o pago unha única vez.
 - As inscricións para os corredores de circuíto pecharanse antes da celebración da terceira proba puntuable.
- ♦ **Corredores de carreira:** son atletas (adultos) que só participan de maneira puntual nalgunha das probas do circuíto.
 - OS CORREDORES DE CARREIRA PODERÁN INSCRIBIRSE NA PROBA 10 K OU NA PROBA 5 K.
 - Non participan na liga.
 - Deberán realizar a inscrición para aquelas probas nas que queiran participar.
 - Deberán correr cun chip que se lles facilitará no momento da recollida do dorsal e que deberán devolver ó remate da proba.

Inscricións por equipos:

- **Os/as atletas que compitan no circuíto** tamén poderán optar á clasificación por equipos. Para isto terán que premer na opción “equipo” habilitado a tal efecto na plataforma de Championchip. Unha vez feito iso, o persoal de atención da empresa porase en contacto cos participantes para informalos do proceso a seguir.

Inscricións de Categoría Base:

A inscrición para os atletas de categorías base, dende pitufo a xuvenil, serán gratuítas.

As inscricións para os atletas benxamín, alevín, infantil, cadete e xuvenil poderán realizarse a través de:

- 1) Plataforma championchip (www.championchipnorte.com.) A **autorización paterna** deberá imprimirse e ser presentada debidamente cuberta e asinada á hora de recoller os dorsais. Dita autorización poderá ser descargada en www.championchipnorte.com *ou na páxina do concello organizador*.
- 2) Presentando a **autorización paterna asinada** no Departamento de Deportes do concello organizador.

Os/as atletas de categoría Pitufo debrán facer a inscrición do seguinte xeito:

- 1) Enviando un email ao Departamento de Deportes coa autorización paterna cuberta e asinada. Á hora de recoller o dorsal deberá presentarse impresa e asinada dita autorización paterna, poderá descargarse *na páxina do concello organizador*.
- 2) Presentando a **autorización paterna asinada** no Departamento de Deportes do concello organizador.

Cotas de inscrición:

- ♦ A inscrición para os atletas de categorías base (pitufo a xuvenil) será gratuíta.
 - ♦ A inscrición para os atletas adultos (sénior e veteranos) para unha proba determinada terá un custo de 5 € para aqueles corredores que posúan chip, e de 6 € para aqueles corredores que deban alugar o chip.
 - ♦ A inscrición para os atletas adultos (sénior e veteranos) **para o circuíto** terá un custo de 20 € para aqueles que teñan chip en propiedade, e de 30 € (20 € de inscrición + 10 € pola compra do “chip amarelo”) para aqueles que deban mercar o chip.
- A participación no circuíto de carreiras populares “Correndo pola Costa da Morte” permite ós atletas adquirir o “chip amarelo” en propiedade por un prezo reducido de 10 €. Dito chip será válido para participar en calquera proba cronometrada por Championchip.

CLASIFICACIÓNS E TROFEOS/MEDALLAS

♦ Clasificacións da proba 10 K:

- Optan a esta clasificación todos os/as atletas participantes na proba.
- Recibirán trofeo e/ou medalla e subirán ó podio os tres primeiros/as clasificados/as na categoría xeral (os tres primeiros/as que entren na meta).
- Recibirán trofeo e/ou medalla e subirán ó podio os tres primeiros/as clasificados/as en cada unha das categorías (sénior, M40 e M50), independentemente da súa condición de *corredores de carreira* ou de *corredores de circuíto*.
- Recibirán trofeo e/ou medalla o primeiro e primeira clasificado/a empadroadado do concello organizador da proba.

♦ Clasificacións da proba 5 K:

- Optan a esta clasificación todos os/as atletas inscritos na proba 5K.
- Recibirán trofeo e/ou medalla e subirán ó podio os tres primeiros/as clasificados/as na categoría xeral (os tres primeiros/as que entren na meta).

♦ Clasificacións das probas de base:

- Recibirán trofeo e/ou medalla e subirán ó podio os tres primeiros/as clasificados/as en cada unha das categorías (infantil, cadete e xuvenil).
- En categorías benxamín e alevín recibirán medallas todos os participantes na proba, aínda que só subirán ó podio unicamente os tres primeiros clasificados en cada categoría.
- En categoría pitufo recibirán medalla conmemorativa todos os participantes na proba pero non subirán ó podio.

♦ Clasificacións do circuíto:

- Para poder optar a esta clasificación os atletas deben inscribirse no circuíto. Os atletas que participen en todas as probas pero non se inscriban no circuíto non optan a esta clasificación.
- Os atletas participantes no circuíto deberán completar un mínimo de seis probas para poder optar ós premios.
- No caso de correr máis de seis probas, o atleta puntuará cos mellores 6 resultados acadados.
- A puntuación acadada irá en función do posto obtido en cada unha das probas (1º posto=1 punto / 2º posto=2 puntos / 3º posto=3 puntos...de xeito que o/a atleta con menor suma de puntos, será o/a vencedor/a en cada unha das categorías.

- No caso de empate a puntos o sistema de desempate será o seguinte:
 - Número de probas rematadas.
 - Maior número de mellores postos.
 - Maior distancia en quilómetros recorridos (no caso de que as carreiras teñan distintas distancias).
- Recibirán trofeo e/ou medalla de campións do circuíto o primeiro e primeira clasificado/a das categorías sénior, M40 e M50.
- Recibirán trofeo e/ou medalla o primeiro e primeira clasificado/a local (empadroados nos concellos organizadores do circuíto).
- Recibirán trofeo e/ou medalla o primeiro e primeira clasificado/a foráneo (atletas non empadroados nos concellos organizadores do circuíto).

♦ **Clasificación por equipos:**

- Os/as atletas que compitan no circuíto tamén poderán optar á clasificación por equipos. Para isto terán que premer na opción “equipo” habilitado a tal efecto na plataforma de Championchip. Unha vez feito iso, o persoal de atención da empresa porase en contacto cos participantes para informalos do proceso a seguir. Unha vez elaborados os equipos non se poderán modificar durante toda a competición. O prazo para inscribir os equipos rematará no momento no que se peche a inscrición de circuíto (antes da terceira proba puntuable), aínda que os equipos comezarán a puntuar dende a primeira proba na que participen.
- Os equipos deberán ser mixtos e estarán formados por un mínimo de 3 e un máximo de 4 atletas, entre os que debe haber participantes masculinos e femininos. No caso de que o equipo estea formado por 4 atletas deberán ser obrigatoriamente dous homes e dúas mulleres.
- Para que un equipo puntúe nunha proba deberán rematala como mínimo 3 dos corredores que conforman o equipo.
- A puntuación do equipo nunha proba será o resultado de sumar os puntos acadados, en cada unha das súas categorías, polos tres primeiros integrantes do equipo que entren en meta.
- Para que o equipo poida optar á clasificación final deberá completar un mínimo de 6 probas.
- No caso de que o equipo participe en máis de 6 probas, computarán para a clasificación final os 6 mellores resultados acadados polo equipo.
- O equipo vencedor na clasificación de equipos mixtos será o que obteña a menor suma de puntos.
- No caso de empate o gañador decidirse seguindo estes criterios:
 - Número de probas finalizadas.
 - Maior número de participacións individuais nas carreiras.
 - Maior número de mellores postos.
- Recibirá trofeo e/ou medalla o equipo campión.

♦ **Entrega de trofeos ós campións de circuíto:**

Unha vez rematadas as probas do *Circuíto de Carreiras Populares “Correndo pola Costa da Morte”* organizarase un acto de entrega de trofeos/medallas a tódolos atletas campións en cada unha das categorías (sénior, M40, M50, local e foráneo).

O lugar e data no que terá lugar dito acto de entrega será comunicado coa suficiente antelación.

